

CPI TERRAS DE MASIDE

PROXECTO
LECTOR

2019-2023

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

1. Situación da lectura e da escritura no centro.

- 1.1 Prácticas lectoras e escritoras do alumnado.
- 1.2 Identificación de logros e dificultades.
- 1.3 Análise das metodoloxías empregadas.
- 1.4 Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.

2. Obxectivos, fundamentos e organización

- 2.1 Obxectivos.
- 2.2 Metodoloxías máis axeitadas.
- 2.3 Organización dos espazos e dos tempos. Creación de ambientes lectores.
- 2.4 A biblioteca como recurso (programación)
- 2.5 Coordinación e organización do proxecto.
- 2.6 Participación de todo o profesorado
- 2.7 Modo de organización
- 2.8 Modo de difusión e apoios necesarios

3. Intervención que cómpre sistematizar

4. Criterios e procedementos de avaliación

INTRODUCCIÓN

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, debemos elaborar e incluír, no proxecto educativo de centro, o Proxecto Lector que integre todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

O Proxecto Lector de centro é un documento deseñado para desenvolver a medio prazo e será a referencia para a elaboración de programas e do plan anual de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Tendo en conta que é necesario facer unha continua avaliación deste Plan e que hai situacións novas que supoñen cambios importantes para o centro (resultados da avaliación diagnóstica, utilización da conexión a Internet, Plambe,...) procede facer unha revisión do noso Plan Lector, introducindo as modificacións pertinentes e intentando facer deste documento algo práctico, útil e integrado no funcionamento do centro.

1. SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO

1.1 Prácticas lectoras e escritoras do alumnado

- En Educación Primaria, o gusto pola lectura é maioritario, pero segundo o alumnado se vai achegando á ESO, esta percepción diminúe a case a metade.
- Len fundamentalmente pola noite, conforme se van facendo maiores, obrigados/as pola escola.
- Conseguen os libros que len, en máis da metade dos casos, na biblioteca do colexio.
- Gústalles os cómics e os contos. Os libros narrativos espertan o seu interese cando se van achegando á ESO.
- Decántanse máis por revistas, cómics, xornais e os libros de lectura obrigada.

1.2 Identificación de logros e dificultades

- Xa hai unha planificación feita sobre a lectura nos distintos departamentos.
- Enténdese que é unha responsabilidade global de todo o centro.
- A biblioteca escolar é utilizada pola maior parte do alumnado.
- As maior dificultade é a falta de tempo e o pouco espazo da biblioteca.

1.3 Análise das metodoloxías empregadas

- Pódese contemplar nas distintas programacións dos departamentos e ciclos.

1.4 Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar e outros recursos.

A biblioteca do CPI Terras de Maside conta con dous espazos, (un para infantil e 1º,2º,3º,4º de EP e outro para 5º,6º EP e toda a ESO) de forma rectangular de aproximadamente unha superficie de 60 metros cadrados e outro de 40 metros cadrados.

Dispón de grandes ventás orientadas ao sur. Está ben ilumniada e ventilada.

A orientación das ventás permite a entrada da luz pero de maneira que os raios solares non incidan directamente nela, o cal facilita o traballo do alumnado.

Dispoñemos de mesas grandes e pequenas (segundo o espazo do que se trate) que se adaptan ás necesidades do alumnado de infantil, primaria e secundaria.

- Na actualidade, o fondo documental da biblioteca consta duns 13.000 exemplares, incluíndo varios tipos de soportes documentais: libros, vídeos, Cds e DVDs
- O equipamento informático consta dous ordenadores para o uso do profesorado, así como a mesa correspondente. Nun destes equipos lévanse a cabo os traballos de catalogación e informatización dos fondos documentais. Existen 5 ordenadores para o uso do alumnado na sala grade e 3 ordenadores na sala pequena. A biblioteca tamén dispón dun proxector, altavoces e pantalla dixital en cada un dos espazos.
- A biblioteca está atendida por profesorado de infantil e primaria e de ESO nos recreos, que é cando está aberta para o préstamo dos fondos.
- O profesorado que pertence ao equipo da biblioteca ten horas para a dinamización da biblioteca.

2. OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN

2.1 OBXECTIVOS.

Seguindo as instrucións de 1 de setembro de 2015, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización de funcionamento das bibliotecas escolares, a existencia dunha biblioteca escolar, organizada e dinamizada, facilita:

- ✓ Apoio aos procesos de ensinanza e de aprendizaxe.
- ✓ Aprendizaxe autónoma.
- ✓ Tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares: alfabetización múltiple.
- ✓ Desenvolvemento de habilidades e de competencias básicas.
- ✓ Achegamento aos distintos soportes documentais.
- ✓ Educación no acceso á información: tratamento da información e competencia dixital.
- ✓ Integración das tecnoloxías da comunicación e da información na recollida e tratamento

dela, e na selección de lecturas.

- ✓ Creación e consolidación de hábitos de lectura e de escritura.
- ✓ Acceso igualitario aos recursos culturais.
- ✓ Educación nunha vivencia saudable do tempo de lecer.
- ✓ Apoio ao alumnado con necesidades educativas específicas.

Segundo esta mesma orde citaremos as funcións da persoa responsable da biblioteca escolar:

- Elaborar a programación anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro e unha memoria final.
- Colaborar no deseño e posta en práctica do proxecto lector de centro, coordinándoo, no seu caso.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar, catalogar e expurgar).
- Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar o profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

Estas e outras cuestións sobre a dinamización específica da biblioteca escolar están recollidas na Orde do 17 de xullo de 2007.

Deberán terse en conta tamén as instrucións do 1 de setembro de 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para a organización e o funcionamento da biblioteca escolar, xa aludidas, ou aquelas que especificamente se publiquen cada curso escolar.

2.2 METODOLOXÍA.

É preciso sistematizar unhas liñas metodolóxicas xerais, a través dos ciclos e dos distintos departamentos.

2.3 ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS. CREACIÓN DE AMBIENTES LECTORES.

Creación de ambientes lectores: Hora de ler.

EDUCACIÓN INFANTIL. Segundo o establecido na súa propia programación.

EDUCACIÓN PRIMARIA.

- Establecerase un tempo de vinte minutos diarios adicados á lectura silenciosa: *Hora de ler*.
- O profesorado organizará no seu horario este tempo de lectura, da maneira que lle pareza máis axeitada
- Os textos empregados polo alumnado na hora de ler serán elixidos libremente entre os existentes nos fondos da biblioteca. O profesorado tamén adicará este tempo á lectura, formando parte do ambiente lector.
- Para facilitar o achegamento dos libros ao alumnado, haberá unha biblioteca de aula, na que se depositarán os libros elixidos polos alumnos e alumnas para a *Hora de ler*.
- Este tempo rexeráse polas seguintes normas, que estarán expostas en todas as aulas:
 - A lectura desenvolverase de forma silenciosa, nun texto elixido libremente polo alumnado e profesorado.
 - Os libros formarán parte da biblioteca de aula.
 - Durante este tempo non se poderán facer deberes nin outra actividade distinta á de lectura libre e silenciosa.
 - O profesorado coidará de que os libros queden colocados no lugar asignado para tal fin.
 - En certas datas, como o día do libro, guiándose polas directrices do equipo de biblioteca poderanse facer lecturas temáticas, dun determinado autor ou autora, etc.
 - Esta actividade estará suxeita ás normas de disciplina do centro, polo tanto, calquera falta durante o seu desenvolvemento poderá ser obxecto de sanción.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Ademais do establecido nas programacións de cada departamento, que cumprirá o establecido legalmente, todos, alumnado e profesorado, deberán ter un libro de lectura seguindo o procedemento aplicado en educación primaria, no caso das gardas, para unha lectura individual e silenciosa. Acción metodolóxica para as gardas:

- Todo o alumnado ten na clase o seu "libro propio".
- O alumnado que non trouxese ao centro o "libro propio" pode acceder ao material de lectura depositado nun carro que se atopa no corredor e seleccionar o que prefira para ler.
- A pretensión será que no cómputo xeral de tempo semanal adicado á lectura, o alumnado adique a esta actividade 20 minutos diarios.

- Para poder facer uso da biblioteca, será preciso anotarse nun rexistro que figurará exposto na sala do profesorado.

2.4 A BIBLIOTECA COMO RECURSO.

2.5 Programación da Biblioteca do CPI Terras de Maside.

A modo de introdución, é importante mencionar que a nosa biblioteca e o noso centro atópanse situados nun contorno rural, polo cal supoñen un punto importante de acceso do alumnado á información e a cultura. O concello non ten unha biblioteca municipal .

A biblioteca escolar é un espazo de aprendizaxe e lecer. O noso principal obxectivo é, sen dúbida, construír unha biblioteca que sexa un centro de referencia para o noso alumnado coa axuda do resto do profesorado pero tamén para o resto da comunidade educativa. Isto levounos a pensar que era necesario continuar con todos os aspectos concernentes á nosa biblioteca e a súa promoción, por encima de todo ao achegamento dos nenos e nenas, adolescentes, novo profesorado e, nun futuro próximo, ao resto da comunidade educativa.

A programación conterá unha serie de obxectivos que trataremos de acadar en cada curso.

Cada curso renóvanse algúns dos membros do equipo de biblioteca, normalmente forman o equipo 7 profesores e profesoras do centro: 2 de Infantil, 3 de primaria e 2 de secundaria. Un destes profesores ou profesoras será quen asuma a coordinación. Cada curso especificarase na PXA a composición do equipo da biblioteca, así como os horarios de reunión semanal do equipo, e do coordinador ou coordinadora.

Na reunión semanal organizaranse as actividades, e recolleranse as propostas do profesorado e alumnado en relación co servizo de biblioteca.

A persoa coordinadora e os demais membros do equipo de biblioteca tamén atenden o alumnado de primaria e secundaria nos recreos 11:10 a 11:40 (primaria) e 12:00 a 12:25 (secundaria). Durante estas gardas fanse os préstamos e devolucións así como suxestión de lecturas e películas.

É importante mencionar que nos períodos de recreo hai un grupo de alumnos e alumnas que de forma voluntaria se implican e colaboran para as tarefas de organización e funcionamento da biblioteca.

En ocasións é preciso empregar os os ou horas fóra do noso horario, cando as necesidades así o requiren, para a preparación de todo o que implica o día a día dunha biblioteca.

Os obxectivos que se pretenden conseguir supoñen manter o que xa forma parte da tradición do

noso centro, da nosa biblioteca, posto que consideramos que xa conforman a nosa identidade. Pero tamén tentaremos mellorar e innovar para seguir avanzando e adaptándonos as novas esixencias do centro.

Consideramos moi importante a colaboración e coordinación cos equipos de EDNL (Normalización e Dinamización Lingüística) e de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Á hora de levar a cabo estes obxectivos teremos en conta que somos un CPI e procuraremos dar resposta ás inquietudes e necesidades do alumnado das diferentes etapas (Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.)

OS OBXECTIVOS que se pretenden son:

- Realizar exposicións variadas en días sinalados: Samaín, Nadal, Paz, San Valentín, Poesía, Prensa, Teatro, Letras Galegas,...
- Renovar con frecuencia os materiais depositados no expositor de novidades.
- Facilitar o acceso ao alumnado que se incorpora ao centro, facilitándolle un número de usuario/a da biblioteca e formación como usuario.
- Crear o noso propio blog, potencialo e difundilo en colaboración co docente responsable das TICS.
- Manter o espazo de lectura para o alumnado de Educación Infantil, decorado e adaptado ás súas necesidades, procurando unha maior motivación e potenciando o gusto pola lectura dende as primeiras etapas.
- Procurar que a biblioteca sexa un espazo totalmente aberto e accesible a toda a comunidade educativa.
- Potenciar a formación dos membros do equipo de biblioteca.
- Colaborar estreitamente co profesorado de primaria e cos departamentos de secundaria para a renovación e actualización de fondos.
- Promocionar actividades enmarcadas no plan lector do centro.
- Promocionar actividades enmarcadas no plan de atención a diversidade do centro.
- Levar a cabo xornadas con escritoras e escritores.
- Organizar actuacións de contacontos para o alumnado máis novo.
- Preparar diversos concursos.
- Preparar e renovar as mochilas viaxeiras.

- Fomentar a lectura nos períodos vacacionais e de lecer a través da elaboración dun tríptico de suxestións para o Nadal.
- Favorecer a participación do alumnado na organización e funcionamento da biblioteca
- Realizar pre-expurgo e expurgo de libros que vaian quedando en desuso.
- Proseguir coa catalogación ou recatalogación.
- Procurar ter unha biblioteca harmónica e cunha orde axeitada.
- Promover a creación dun club de lectura para o alumnado de ESO.

RECURSOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

- Promover a lectura entre o alumnado e mellorar a organización dos fondos tendo en conta a CDU.
- Fomentar o uso da biblioteca como espazo de lecer, especialmente para a ESO, pois a estas idades o interese pola biblioteca é máis baixo.
- Empregar as gardas de secundaria para o fomento da lectura a través da utilización dun carriño cunha variedade interesante para o alumnado: revistas de deportes, música, coches, de viaxes, países do mundo; obras de lectura rápida, como poesía, algo de teatro, música, pequenas biografías...
- Dar a coñecer de xeito máis apropiado as novidades, así como variedade de títulos e títulos esenciais do fondo a través do moble de novidades e de exposicións temporais, no moble do corredor do primeiro andar de primaria á beira da biblioteca, na entrada do edificio de secundaria e no blog da biblioteca.
- Fomentar o uso das mochilas viaxeiras en infantil e primaria.
- Fomentar actividades ou concursos para a participación do alumnado tanto para ler libros como para fomentar a escritura de narracións curtas, poesías, cómics, sms/whatsapp...

CONTIDOS

- Xestión da biblioteca co programa Meiga.
- Formación de usuarios no primeiro trimestre.
- Organización axeitada ás necesidades do centro tendo en conta os espazos da biblioteca.
- Coñecemento e utilización de recursos en rede en relación ás bibliotecas escolares.
- Coñecemento e utilización do blog da biblioteca.

- Mellorar no coñecemento e utilización de recursos en rede en relación ás bibliotecas escolares.
- Crear un espazo axeitado ás necesidades do alumnado. Valorar a creación dun novo espazo para o alumnado máis novo, etapa fundamental para o inicio do gusto pola lectura.
- Carriño con lecturas variadas: banda deseñada, revistas variadas, selección de poesía... para as gardas de secundaria.
- Xornadas e charlas con escritores e escritoras.
- Exposición dos fondos do/da autor/a homenaxeado/a no Día das Letras Galegas.
- Participación nas mesmas do alumnado do centro, cun claro obxectivo de fomento da lectura entre o alumnado, xa que ademais de ler o libro participan activamente a través de preguntas relacionadas cos libros e coa vida do/da escritor/a.
- Participación activa do alumnado do centro nas actividades propostas así como en concursos de relatos ou contos.
- Elaboración dun tríptico con suxestións para a lectura no Nadal.
- Coordinación do club de lectura para o alumnado de ensino secundario.

ACTIVIDADES

- Tríptico para o Nadal con libros recomendados para Infantil, Primaria e Secundaria.
- Concurso de microrrelatos de terror para a festa de Samaín.
- Concurso de cabazas e vasoiras no Samaín.
- Celebración do día da música con libros e películas adicadas á mesma, así coma exposición de instrumentos curiosos.
- Concurso de mensaxes de amor para San Valentín en colaboración e segundo as directrices establecidas polo EDNL.
- Celebración do día mundial do libro: selección de libros para o profesorado do centro nunha exposición levada a cabo en distintas estancias do mesmo.
- Concurso de banda deseñada en colaboración co concello e coas directrices do EDNL.
- Sesións de contacontos para educación Infantil e Primaria.
- Celebración do Día das Letras Galegas. Procura de información sobre o/a autor/a homenaxeado cada ano, en colaboración co EDNL, achegando bibliografía e exposicións do autor que corresponda.

- Outras actividades que poidan xurdir ao longo do curso.

METODOLOXÍA.

Nas reunións do equipo de biblioteca avaliarase o traballo levado a cabo, salientando aqueles aspectos nos que poder mellorar.

Será fundamental que todos os membros do equipo de biblioteca participen de forma activa, para a realización dos numerosos labores que se requiren. É moi importante que cada membro teña claras as súas funcións, polo cal será de gran axuda desde un inicio facer un reparto das tarefas. Será preciso formar no uso do Meiga os novos membros do equipo: catalogación, organización xeral, etc.

Deberase fomentar a participación da comunidade educativa nas distintas actividades, cunha actitude receptiva a calquera suxestión dos membros da comunidade educativa. É moi importante que todos teñan o seu espazo na biblioteca, que se sintan a gusto e participen de forma activa, en definitiva, acadar unha biblioteca dinámica que se adapte á realidade e ás necesidades do centro.

Ao longo de cada curso irase avaliando o funcionamento e o nivel de consecución dos obxectivos propostos e, de ser preciso, poderanse engadir ou modificar aqueles obxectivos que o precisen.

HORARIO DA BIBLIOTECA

Estará aberta en horario de recreo para todo o alumnado baixo vixilancia dun profesor ou profesora para realizar os préstamos e devolucións pertinentes, así como para asesorar os usuarios e usuarias sobre as diversas lecturas.

En horario de comedor non se farán préstamos nin devolución, nin estará aberta a biblioteca, ao non haber profesorado que se encargue dela nese momento.

Poderase utilizar en calquera outro horario en compañía do profesorado que corresponda.

2.6 COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DO PROXECTO LECTOR.

O proxecto lector confecciónase e revísase coas achegas de todo o equipo docente a través dos departamentos, do equipo da biblioteca, do Departamento de Orientación e do EDNL.

A supervisión do Proxecto Lector é tarefa da CCP. Está fará o seguimento do Plan Anual de Lectura e a idoneidade do proxecto.

A modificación do Proxecto Lector compete ao Claustro do Profesorado e ao Consello Escolar.

2.7 PARTICIPACIÓN DE TODO O PROFESORADO.

Para acadar uns resultados efectivos precísase da colaboración de todo o profesorado na mesma dirección, participando nas diferentes actividades e mantendo un nivel de esixencia semellante nos diferentes aspectos aos que se refire este proxecto.

2.8 MODO DE ORGANIZACIÓN

O Proxecto Lector do centro servirá de referencia para o Plan Anual de Lectura. Este será elaborado e posto en marcha por todo o equipo docente e incluírase na Programación Xeral Anual.

- Corresponde ao **Equipo Directivo** dirixir o Proxecto Lector e o Plan Anual de Lectura
- Os **Xefes de Departamento**, a principios de curso, organizarán sesións de traballo cos membros integrantes para establecer nas súas programacións as accións que desenvolverán para fomentar a lectoescritura e a comprensión lectora, o seu seguimento e a súa avaliación.
- A **Comisión de Coordinación Pedagóxica** implicarase na dinamización do Proxecto Lector e levará a cabo a súa supervisión.
- Todo o **profesorado** incorporará as actividades previstas ao currículo da súa materia.
- O **Equipo de biblioteca** propondrá accións coordinadas para levar a cabo as actuacións previstas no Proxecto Lector e no Plan Anual de Lectura. A persoa responsable da biblioteca, preferentemente, encargarse da súa coordinación.

2.9 MODO DE DIFUSIÓN E APOIOS NECESARIOS.

O proxecto lector de centro formará parte do Proxecto Educativo de Centro e nel basearase o Plan Anual de Lectura, que figurará na Programación Xeral Anual.

A través das titorías explicarase ao alumnado os seus obxectivos e as actividades que se han de desenvolver.

O profesorado dará a coñecer ao seu alumnado os obxectivos e actuacións que se levarán a cabo na súa materia.

Para o seu desenvolvemento, contarase cun orzamento que posibilitará a adquisición do equipamento e a actualización dos fondos necesarios independentes das achegas directas da Consellería.

O Proxecto Lector difundirase a través da páxina web do centro.

3. INTERVENCIÓNS QUE CÓMPRE SISTEMATIZAR.

- ✚ Establecer uns principios básicos comúns que se concretarán en cada departamento a partir de determinadas actividades e deben figurar nas programacións correspondentes:
- ✚ Ensinar e empregar as técnicas e estratexias oportunas para mellorar a comprensión lectora.
- ✚ Enriquecer o vocabulario específico de cada área.
- ✚ Introducir a lectura de libros, xornais, revistas especializadas e outros documentos como instrumento complementario de aprendizaxe en cada materia.
- ✚ Diseñar actividades de comprensión lectora e expresión relacionadas cos materiais de traballo.
- ✚ Ensinar ao alumnado estratexias e técnicas para resumir, ananlizar e reelaborar a información contida nos distintos textos.
- ✚ Facer propostas de actividades de fomento da lectura (lecturas temáticas, día do libro, distintos concursos,...)
- ✚ Establecer itinerarios lectores.
- ✚ Incluír as actividades desenvolvidas e a súa valoración na memoria final do curso.
- ✚ Realizar actividades de educación documental (orde alfabética, índices, gráficos, bibliografía,...
- ✚ Realizar actividades para localizar información en Internet.
- ✚ Traballar cos medios audiovisuais e facer lecturas e interpretación desta linguaxe.
- ✚ Implicar as familias na creación do hábito lector dos seus fillos e fillas.

4. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

CRITERIOS

- ✓ Incidencia do Proxecto Lector no desenvolvemento de hábitos lectores de toda a comunidade educativa.
- ✓ Nivel de implicación da comunidade educativa, familias e outras institucións.
- ✓ Incremento do uso da biblioteca polo alumnado e polo profesorado como un recurso educativo.
- ✓ Tempo para ler que establece cada Departamento na súa Programación Anual.
- ✓ Mellora e respecto polos espazos e tempos dedicados á lectura.

- ✓ Extensión dos servizos bibliotecarios: horario (dispoñibilidade de profesorado para atender a biblioteca) e actividades.
- ✓ Utilización da paxina web do centro como fonte de recursos e difusión de información para profesorado e alumnado.
- ✓ Implicación do profesorado no desenvolvemento do PL.
- ✓ Formación do profesorado implicado no desenvolvemento do PL.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- ❖ A CCP elaborará anualmente un informe global a partir dos datos obtidos ao longo do curso, co fin de extraer conclusións e facer previsións para o curso seguinte.
- ❖ Enquisas ao profesorado que avalíen o plan segundo os criterios antes establecidos.
- ❖ Enquisas ao alumnado co fin de recadar información sobre a súa participación, as súas opinións e as súas suxestións.
- ❖ Valoración nas sesións de avaliación do progreso observado no alumnado.

Aprobado en Claustro e Consello celebrados na data indicada máis abaixo

En Maside, a de de 2019

O Director,

Luis Veloso Rodríguez

O Secretario,

Francisco Javier Novoa Pardo